

OFICINA REXISTRO XERAL-CONCELLO DE CABANAS
Entrada
Nº. 201700000001092 23/05/2017 12:14:55



Bloque Nacionalista Galego de Cabanas
cabanas@bng.gal
cabanas.bng.gal

Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta ante o Pleno do Concello de Cabanas para o seu debate e posterior acordo a seguinte

PROPOSICIÓN DE COMPARECENCIA SOBRE AS ACTUACIÓNS DO CONCELLO NO PIÑEIRAL DE CABANAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O temporal de vento do mes de abril deixou numerosos estragos no Piñeiral da Madalena, tombando moitas árbores e deixando outras en situación de perigo.

Unha vez iniciadas as tarefas de limpeza dos danos, cun importante retraso, veciñas da localidade amosaron a súa preocupación polas escasas medidas de seguridade na realización dos traballos.

Por estas razóns, o Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello de Cabanas esta moción proponendo a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Que a responsábel da área implicada no goberno municipal compareza publicamente neste pleno para informar sobre o estado do Piñeiral, as contratacións efectuadas polo concello para realizar os traballos e o plan do goberno para o futuro desa zona verde.

En Cabanas, a 23 de maio de 2017

Asdo. Iago Varela Martínez
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS